



CONCELLO DA FONSGRADA


Teléfonos de interese:
Concello: 982 34 00 00
Centro de saúde: 982 35 00 05
Protección civil: 982 35 00 22
628 925 037

Ruta de Sendeirismo *Forno do Bolo*



Mergúllate nas seimeras...

do país dos mil ríos



Achégate a coñecela

Para a chegar ata a ruta collemos na Fonsagrada a estrada LU-701, e a uns 4 km observamos á esquerda un desvío indicado para Queixoiro. Só teremos que continuar por esa estrada ata o aparcadoiro, situado a 200 m. do propio pobo.


A pegada da auga na natureza...

Neste punto comecemos a nosa andaina, que nos conducirá a través dun bosque de piñeiros ata chegar ó rego de Tronceda, que será bordeado a través dunha pequena ponte para adentrarnos, deste xeito, nun pequeno souto de castiñeiros no que poderemos apreciar corripas.

Ó compas do curso do río é posible apreciar a súa unión ao rego de Queixoiro. Proseguindo a andaina, albiscamos a primeira das fermosas seimeiras. Seguindo o discorrer destas augas ó abeiro dun bosque de galería, detémonos a contemplar a caída da segunda das fervezas. Finalmente proseguiremos o sendeiro de volta ó punto de inicio.



Lonxitude: 4200m
Saída: A 400m da aldea de Queixoiro
Chegada: ó punto de inicio
Dificultade: media-baixa
Desnivel medio: 140m
Altura máxima: 700m
Altura mínima: 560m
Tempo estimado: 2 horas aproximadamente



Goza do seu rico patrimonio....

Son as corripas un emblema patrimonial do roteiro, tratándose de construcións empregadas para o almacenamento das castañas ó longo do ano. As seimeiras, reflexadas no catálogo galego de humidais protexidos, confiren un claro atractivo por acubillar a esencia desta comarca, onde a auga é unha das características definitorias da súa entidade.

Tamén conta coa existencia de dous castros coroando a segunda das seimeiras, os cales, ademais, se encontran catalogados no GA, aínda que para visitalos é preciso desviarse do roteiro orixinario.